



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

ACTA Nº 2026/7 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:16 horas do día 14 de abril de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 31 de marzo de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 31 de marzo de 2026.

2.º. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

2.1. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE EXECUCIÓN DE POZO. EXPTE. 2026/U026/000003

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 13 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE EXECUCIÓN DE POZO. EXPTE. 2026/U026/000003

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 09.04.2026, que literalmente di:

“ **INFORME TÉCNICO** **INF:2026/U026/000003**

DATA:	RE-984 (24/10/2025) – RE-24 (16/01/2026) – SIR. RE-9_107 (26/03/2026)
ASUNTO:	COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS. EXECUCIÓN DE POZO
INTERESADO:	Angel Manuel Boyero Pérez (32409350G)
NOTIFICACIÓN:	postal Recebés 24 15316 Coirós 696.693256
SITUACIÓN:	Recebés
REF. CATASTRAL:	15027A501007030000RQ
ORZAMENTO:	1350€+IVE
TAXA:	10€ (24/10/2025)
ICIO (3,5%)	47,25€ (08/04/2026)

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal do concello de Coirós tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente

Emite o seguinte **informe**:

ANTECEDENTES:

- 1º Con rexistro de entrada RE-984 (24/10/2025) D. Angel Manuel Boyero Pérez realiza a comunicación previa de obras de pozo achegando a seguinte documentación:
 - Instancia de comunicación previa de realización de obras (pago taxa 10€)
 - Informe Augas de Galicia (DH.B15.110372)
 - Ubicación do pozo na consulta catastral
 - Orzamento: 1350€+IVE
- 2º Con rexistro RE-24 (16/01/2026) D. Angel Manuel Boyero Pérez achega ao expediente a seguinte documentación:
 - Instancia presentada RE-984
 - Información Augas de Galicia (DH.B15.110372)
 - Escrito interesado aportando de aportación de documentación.
 - Copia escrito para augas de Galicia solicitando prorroga no seu expediente.
- 3º Con data 05/02/2026 a técnico que subscribe emite informe indicando que a documentación non se considera



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

completa. Remítase o expediente á Concellería do Medi Rural e copia ao interesado.

4º/ A través de SIR con RE-9_107 (26/03/2026) ten entrada no concello informe favorable da Consellería do Medio Rural.

OBXECTO:

Segundo a documentación achegada preténdese a construción dun pozo parcela con referencia catastral 15027A501007030000RQ.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considerase suficiente.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG).
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Outra lexislación sectorial.
- 6- Lexislación hidráulica

AXUSTE DAS OBRAS AO PLANEAMENTO E NORMATIVA:

1. O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO RÚSTICO apto para urbanizar
A Disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece no apartado 2.b) que ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico aplicaráselle o disposto na presente lei para o SOLO RÚSTICO.
2. O artigo 35 da LSG de usos e actividades en solo rústico establece no apartado 1.m Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e almacenamento e transporte de enerxía, gas abastecemento de auga saneamento e xestión e tramitación de residuos, públicas ou privadas, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
3. O artigo 36 establece que os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, no seu caso previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.
En todo caso en solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante.




Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

4. Consultado o Plan Básico Autonómico aprobado por Decreto 83/2018, de 26 de xullo actualizado por Resolución da D X de Urbanismo o 15/12/2025 (DOG 18/12/2025) coa corrección de erros do 13/01/2026 (DOG 27/01/2026) as afeccións sectoriais que clasifican solo como de especial protección que afectan o predio son:

- Zona de policía de Canles. Augas de Galicia.
- Concentración parcelaria. Ois Decreto 14/09/1966.

Polo tanto deberá contar con autorización ou informe favorable de:

- Augas de Galicia
- Consellería do Medio Rural



5. Cumprimento dos parámetros urbanísticos:

As obras deberán cumprir os recuados obrigatorios: 5m de todos os lindes.

Estarase ao disposto no artigo 165 do PXOM de Coirós que establece as seguintes distancias:

- Distancia mínima entre pozos de captación de agua 10,00 metros.
- Distancia mínima entre pozo de agua y fosa 20,00 metros.
- Distancia mínima entre el pozo de agua y fosas de purín u otros focos contaminantes 50,00 metros.

LEXISLACIÓN SECTORIAL

MEDIO RURAL

Os terreos nos que se pretenden as obras foron obxecto de concentración da concentración parcelaria de Ois con Decreto de 14/09/1966 con data de entrega de títulos de 24/07/1997

Consonte o artigo 36 será precisa a obtención de informe favorable por parte de Medio Rural (solo rústico de especial protección agropecuario, terreos obxecto de concentración parcelaria).

Obra no expediente informe favorable da Dirección Territorial da Consellería do Medio rural.

AUGAS DE GALICIA



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

O interesado Achega informe de Augas de Galicia (DH.B15.110372) de Usos privativos por disposición legal. Recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas de Galicia dun pozo na parcela 15027A501007030000RQ, parroquia de Santa Maria de Ois, no Concello de Coirós a nome de Angel Manuel Boyero Pérez.

No informe indica que a distancia á que se realizará o pozo é de 73,54m superando os 20m de distancia ao río polo que non é previsible que con este se produza unha detración de augas superficiais con dereito preferente polo que non se observaría inconveniente á realización da perforación.

Unha vez realiza a perforación e comprobada a existencia de auga deberá inscribir o pozo en Augas de Galicia conforme ao artigo 193 do RDPH conforme o indicado no informe de Augas de Galicia achegado polo interesado.

TAXA/ ICIO

Taxa de 10€ pagada 24/10/2025 (selo en instancia)

ICIO (3,5%) de 1350€+IVE = 47,25€ (transferencia 08/04/2026)

CONCLUSIÓN

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser prexuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:
 - Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
 - Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
 - Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
 - Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
 - Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- 4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓNS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.
- 8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

- 9.- As obras deberan cumprir os recuados obrigatorios: 5m de todos os lindes.

Estarase ao disposto no artigo 165 do PXOM de Coirós que establece as seguintes distancias:

- Distancia mínima entre pozos de captación de agua 10,00 metros.
- Distancia mínima entre pozo de agua y fosa 20,00 metros.
- Distancia mínima entre el pozo de agua y fosas de purín u otros focos contaminantes 50,00 metros.

10.- Unha vez realiza a perforación e comprobada a existencia de auga deberá inscribir o pozo en Augas de Galicia conforme ao artigo 193 do RDPH conforme o indicado no informe de Augas de Galicia achegado polo interesado.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 9 de abril de 2026

A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda."

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
 - 1.2.- Servizos urbanísticos:
 - 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
 - De obra menor: 10 euros.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP nº 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 1.350,00 €.
Importe : 47,25 €

TOTAL: 57,25 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

2.2. COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO DE TELLAS. EXPTE: 2026/U026/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 13 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO DE TELLAS. EXPTE: 2026/U026/000012



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 25.03.2026, que literalmente di:

"INFORME TÉCNICO **EXPTE: 2026/U026/000012**

DATA: **RE-74 (16/02/2026)**

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO DE TELLA
SOLICITANTE: Josefa Rey Rilo (32440430B)

NOTIFICACIÓN: postal. Merille 9 15316 Coiros 981.796076

SITUACIÓN: Merille 9

REF. CATASTRAL:7578105NH6877N0001KZ

P.E.M.: 12.030€+IVE

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal don concello de Coiros, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente

Emite o seguinte **informe:**

ANTECEDENTES:

1º/ Con rexistro de entrada RE-74 (16/02/2026) D^a. Josefa Rey Rilo (32440430B)realiza a comunicación achegando a seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previa
- Copia do DNI da interesada
- Copia escritura de aceptacion de herdanza
- Fotografias do estado actual
- Orzamento
- Nota simple rexistral. No que se indica a referencia catastral
- Orzamento12.030€+IVE

OBXECTO:

Segundo a documentación achegada as obras pretendidas consisten na reparación de tellado de casa: cambio de tella vella por nova.

No orzamento indicanse os seguintes traballos:

- Andamio e valla de seguridade
- Desmontaxe de tella existente e transporte a vertedoiro
- Desmontaxe de canalon e baixantes
- Limpeza de fibrocemento
- Impermabilización de cheminea
- Colocación de tella curva
- Instalación de canalon e baixantes.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM), e posteriores modificacións puntuais.
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).
- 3- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 4- Lexislación sectorial de aplicación.

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

1. O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa ordenanza de núcleo rural DENSO

A disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

- 2.- O PXOM establece no seu artigo:
 - Artº 165º. Réxime do solo.
 - 6. Condicións estéticas... os materiais de acabado deben ser compatibles co medio rural circundante (prohíbese o emprego de fibrocemento cor gris nas cubertas).
- 3.- A LSG establece nos seus artigos:
 - Art 135º. Deberes de uso, conservación e rehabilitación.
 - 1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:
 - c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.
 - Art 91º. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.
 - As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:
 - e) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
 - d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
- 4.- As obras comunicadas de obras de cambio de tella considéranse de conservación da edificación existente.

LEXISLACIÓN SECTORIAL:

Non precisa de autorizacións sectoriais

CONCLUSIÓNS

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coiros acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:

- Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
- Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
- Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.

- 4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓNS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.
- 8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de re-siduos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

- 9.- No caso de ocupación de vía pública co andamio deberá solicitar a preceptiva autorización.
- 10.- No caso de existencia de materiais considerados perigosos (fibrocemento con amianto) deberase realizar comunicación previa para realizar calquera actuación sobre eles, indicando a correcta xestión



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

de residuos por parte de xestor autorizado.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 25 de marzo de 2026

A arquitecta municipal: Iria Pérez Miranda.”

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
 - 1.2.- Servizos urbanísticos:
 - 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
 - De obra menor: 10 euros.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP nº 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 12.030,00 €.
Importe : 421,05 €

TOTAL: 431,05 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

2.3. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA MARIA DE OIS. EXPTE: 2026/U026/000023

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 13 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA MARIA DE OIS. EXPTE: 2026/U026/000023

Con rexistro de entrada RE-163 (07/04/2026) a Asociación veciñal Santa Maria de Ois (G02787307) realiza a comunicación achegando a seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previa
- Xustificante de pago de taxa de tramitación 10€ (transferencia 07/04/2025)
- Xustificante de pago de ICIO. 1.187,37€ (transferencia 07/04/2025)
- Resolución da DX do patrimonio cultural autorizando obras de conservación do cemiterio exppte.: XTC-2025-0144.AUI
- Orzamento. 33.925€ + IVE
- Compromiso de execución da obra por parte do contratista
 - Autorización do Arcebispado de Santiago de Compostela para realización das obras de mantemento do cemiterio parroquial
 - Fotografías do estado actual
 - Memoria de obras de conservación no cemiterio parroquia de Santa Maria de Ois elaborada pola técnico municipal para su remisión á DX de Patrimonio cultural.

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 09.04.2026, que literalmente di:

“(…) OBXECTO:

Segundo a documentación achegada as obras pretendidas descríbense:

Preténdese realizar obras de conservación no cemiterio parroquial; as obras que se propoñen levar a cabo consisten na colocación de tella sobre os panteóns do lado leste e norte para evitar as filtracións de auga; limpeza e reparación dos paramentos posteriores e laterais dos panteóns para o posterior pintado en cor gris claro, igual ao dos novos panteóns; no caso dos panteóns situados cara o oeste, con paramentos de pedra, tan so se realizarán operacións de retirada de vexetación e limpeza dos mesmos, reparación da beirarrúa frontal dos panteóns, que se atopa deteriorada.

As obras descritas na memoria referentes a actuacións no viario público, non son obxecto da presente comunicación ao igual que non se realizarán as obras descritas en dous panteóns por falta de acordo cos propietarios.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considérase suficiente.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM), e posteriores modificacións puntuais.
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG).
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación.

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

1. O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa ordenanza de EQUIPAMENTO.

A disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipais sen planeamento* establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicarásele integramente o disposto no planeamento respectivo.

- 2.- O PXOM establece no seu artigo:

- Artº 165º. Réxime do solo.

6. Condicións estéticas... os materiais de acabado deben ser compatibles co medio rural circundante (prohíbese o emprego de fibrocemento cor gris nas cubertas).

- 3.- A LSG establece nos seus artigos:

- Art 135º. Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.

- Art 91º. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

e) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

- 4.- As obras comunicadas considéranse de conservación e mantemento do uso existente: cemiterio parroquial.

LEXISLACIÓN SECTORIAL

Na parcela na que se pretenden as obras de conservación existen varios elementos incluídos no catálogo de patrimonio do PXOM:

- C-12. Igrexa parroquial de Santa María de Ois



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- C-13. Casa reitoral de Santa Maria de Ois (vella)
- C-14. Casa reitoral de Santa Maria de Ois (nova)
- C-15. Cruceiro de Santa Maria de Ois.

Obra no expediente resolución da DX de Patrimonio Cultural pola que se autorizan as obras de conservación do cemiterio parroquial de Santa Maria de Ois, expediente XTC-2025-0144.AUI.

CONDICIÓNS ESTÉTICAS:

Na memoria achegada a Patrimonio Cultural descríbense as seguintes condicións nas obras que deberán manterse:

- A colocación da cuberta de tella sobre os panteóns realizarase de xeito que esta cuberta non sexa percibida dende o frontal dos panteóns rematándose pola beira inferior cun canalón de recollida de augas pluviais.
- A cor dos panteóns será gris claro igual que os novos panteóns do cemiterio
- No caos dos panteóns con paramentos de pedra, tan só se realizarán operacións de retirada de vexetación e limpeza dos mesmos.
- A beirarrúa no frontal dos panteóns realizarase en pedra granítica como a existente diante dos panteóns situados no extremo noroeste.
- Cando se pretendan executar melloras nos panteóns sobre os que non se actúa estes deberán realizarse nas mesmas condicións e en harmonía coas obras comunicadas. Debendo no caso de pretender outras solucións obter previa autorización de Patrimonio cultural.

CONCLUSIÓN:

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser prexuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:
 - Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
 - Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
 - Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
 - Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.

4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.

5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.

6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.

7.- DISPOSICIÓNS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.

8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

9.- A colocación da cuberta de tella sobre os panteóns realizarase de xeito que esta cuberta non sexa percibida dende o frontal dos panteóns rematándose pola beira inferior cun canalón de recollida de augas pluviais.

10.-A cor dos panteóns será gris claro igual que os novos panteóns do cemiterio

11.-No caos dos panteóns con paramentos de pedra, tan só se realizarán operacións de retirada de vexetación e limpeza dos mesmos.

12.- A beirarrúa no frontal dos panteóns realizarase en pedra granítica como a existente diante dos panteóns situados no extremo noroeste.

13.-Cando se pretendan executar melloras nos panteóns sobre os que non se actúa estes deberán realizarse nas mesmas condicións e en harmonía coas obras comunicadas. Debendo no caso de pretender outras solucións obter previa autorización de Patrimonio cultural.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 9 de abril de 2026

A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda."

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
- 1.2.- Servizos urbanísticos:
- 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
- De obra menor: 10 euros.
-
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 33.925,00 €.
Importe : 1.187,37 €

TOTAL: 1.197,37 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O alcalde introduce un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria e trátase dunha solicitude de licenza do ano 2024, polo que procede non adiar a súa resolución.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

2.4. Licenza municipal para agrupación e posterior segregación de cinco parcelas en Filgueiras (Santa María de Lesa) promovida por José e Agustín López Carro. Expte. 2024/U018/000003.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 14 de abril de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Licenza municipal para agrupación e posterior segregación de cinco parcelas en Filgueiras (Santa María de Lesa) promovida por José e Agustín López Carro. Expte. 2024/U018/000003.

